



REAL ACADEMIA GALEGA

A REAL ACADEMIA GALEGA RECLAMA QUE PATRIMONIO NACIONAL POÑA A DISPOSICIÓN PÚBLICA, MEDIANTE A DIFUSIÓN DIXITAL NA WEB, OS CÓDICOS DAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA DE AFONSO O SABIO CUSTODIADOS NA BIBLIOTECA DE EL ESCORIAL

No ano 2021 conmemórase o 800 aniversario do nacemento do rei Afonso o Sabio, que, como é sabido, patrocinou unha actividade cultural extraordinaria. Un dos aspectos máis sobranceiros desta actividade relaciónase co cultivo poético da lingua galega. Afonso o Sabio foi un inspirado poeta na nosa lingua e ademais acolleu na súa corte unha pléiade de trovadores e xograres que compuxeron cantigas en galego, das cales os Cancioneiros trovadorescos galego-portugueses nos ofrecen un testemuño espléndido. Pero ao padroado de Afonso o Sabio débese tamén un dos monumentos máis senlleiros da cultura europea da Idade Media, as *Cantigas de Santa María*, unha colección de máis de catrocentos cantares en galego. Estes chegaron a nós en catro códices elaborados nos tempos do propio Afonso, auténticas xoias do patrimonio cultural da humanidade. Dous deses códices son custodiados na Biblioteca de San Lourenzo de El Escorial, outro atópase na Biblioteca Nacional de Madrid e outro máis en Italia. É chegado o momento de que o público interesado, ademais dos e das especialistas, teñan acceso libre a estes códices, a través de reprodución dixital dispoñible en aberto na Web.

De feito, o códice conservado na Biblioteca Nacional Central de Florencia está dispoñible na Rede (<https://archive.org/details/b.-r.-20/mode/2up>) e o mesmo acontece co códice da Biblioteca Nacional de Madrid (coñecido como *Códice de Toledo*), accesible no sitio web desta institución (<http://bdh.bne.es/bnearch/detalle/bdh0000018650>). Este códice foi ademais obxecto de publicación por parte do Consello da Cultura Galega (dúas edicións de 2003 e 2008), dunha gran calidade e a un prezo moderado. Pola contra, dos dous códices custodiados na Biblioteca de El Escorial (que forma parte de Patrimonio Nacional), un deles foi editado na década dos 60 en condicións moi precarias (o chamado *Códice dos Músicos*) e o outro (o chamado *Códice Rico*, célebre polas súas espléndidas ilustracións) foi obxecto de varias edicións facsimilares de luxo por parte de editoras privadas, só ao alcance das persoas e institucións que poden adquirilos a prezos moi elevados.

As bibliotecas de todo o mundo que posúen fondos da significación que comentamos hai tempo que poñen en práctica unha política de difusión deles a través da Rede: así fixeron a Biblioteca Nacional de España co *Códice de Toledo* e a Biblioteca Nacional Central de Florencia, e así fixeron tamén a Biblioteca Nacional de Portugal co Cancioneiro trovadoresco que custodia (<https://www.wdl.org/es/item/13529/>) e a Biblioteca Apóstolica Vaticana co outro dos cancioneros galego-portugueses máis importantes (https://digi.vatlib.it/view/MSS_Vat.lat.4803). É hora de que Patrimonio Nacional de España faga o mesmo co *Códice dos Músicos* e co *Códice Rico* das *Cantigas de Santa María* de Afonso o Sabio. Débellelo á cultura galega, á cultura hispánica, á cultura europea e á cultura universal.

A Coruña, 24 de marzo de 2021